

**INFORME CLIMATOLÓGICO MES  
DE OUTUBRO DE 2023**



## ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN .....	3
2	DESCRIBIÓN SINÓPTICA DO MES.....	5
3	ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA.....	7
4	RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.....	9
5	TEMPERATURA.....	10
5.1.	Temperatura media das máximas.....	13
5.2.	Temperatura media das mínimas.....	14
5.3.	Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.....	15
5.4.	Evolución da temperatura media no período 1961-2023.....	19
6	PRECIPITACIÓN .....	21
6.1.	Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.....	22
6.2.	Días de chuvia en outubro de 2023.....	23
6.3.	Evolución da precipitación en outubro de 2023.....	25
7	VENTO.....	26
8	RADIACIÓN SOLAR.....	30
8.1.	Mapa de irradiación solar mensual.....	30
8.2.	Anomalía de insolación con respecto ó valor normal.....	30
9	RAIOS.....	31

### **Anexos:**

#### **Resumo mensual**

**Calendario de outubro de temperatura mínima**

**Calendario de outubro de temperatura máxima**

**Calendario de outubro de precipitación acumulada**

**Calendario de outubro de refacho máximo**

**Data edición: 07/11/2023**



**Outubro de 2023 extremadamente cálido e moi húmido****1 INTRODUCCIÓN**

Este informe recolle unha descrición climatolóxica do mes de outubro de 2023. Para ilo, analízanse os datos de temperatura e precipitación e a súa evolución no tempo, considerando o período climático de referencia **1981-2010**. Así, as anomalías calculadas nas táboas, mapas, gráficos e percentiles calcúlanse con respecto a este período de referencia.

O valor medio das series climatolóxicas dos trinta anos do período 1961-1990 e do período 1981-2010 denomínase *normal climatolóxica* e o seu uso permite establecer comparacións do tipo espacial entre distintas estacións e describir o estado climático de cada período. A utilización destes valores normais climatolóxicos serve, tamén, de referencia para valorar os comportamentos do clima e caracterizalos, ben en termos de frecuencia o en termos de anomalía, entendendo por anomalía a diferenza entre o valor climatolóxico mensual o anual presentado e o normal.

**1.1. Temperatura**

Para a variable temperatura ( $T$ ), enténdese por anomalía a diferenza entre a temperatura media deste mes de outubro e o valor climático obtido con respecto ao período de referencia 1981-2010. Para obter a anomalía de temperatura, calcúlanse a anomalía media nas once estacións meteorolóxicas que compoñen a serie rexional de Galicia.

Para caracterizar o mes en función da temperatura, considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
$T < T_{min} 1981-2010$	Extremadamente frío
$T_{min} 1981-2010 \leq T < P20$	Moi frío
$P20 \leq T < P40$	Frío
$P40 \leq T \leq P60$	Normal
$P60 < T \leq P80$	Cálido
$P80 < T \leq T_{max} 1981-2010$	Moi cálido
$T > T_{max} 1981-2010$	Extremadamente cálido

**Táboa 0.1.** Cualificación do mes en función da temperatura



## 1.2. Precipitación

Para a variable precipitación (*PP*), enténdese por anomalía a porcentaxe da precipitación acumulada neste mes de outubro respecto do valor da media climática correspondente. Para obter a anomalía de precipitación, calcúlanse as anomalías medias nas dezaseis estacións meteorolóxicas que compoñen a serie rexional de Galicia.

Para caracterizar o mes en función da precipitación, considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
$PP < PP_{min} 1981-2010$	Extremadamente seco
$PP_{min} 1981-2010 \leq PP < P20$	Moi seco
$P20 \leq PP < P40$	Seco
$P40 \leq PP \leq P60$	Normal
$P60 < PP \leq P80$	Húmido
$P80 < PP \leq P_{max} 1981-2010$	Moi Húmido
$PP > P_{max} 1981-2010$	Extremadamente Húmido

**Táboa 0.2.** Cualificación do mes en función da precipitación



## 2 DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES

O mes de outubro tivo dúas parte claramente diferenciadas. Ata o día 12, as altas presións deixaron estabilidade e achegaron aire cálido, pero dende o día 13 ata o final do mes, a presenza de borrascas activas pasou a ser a característica principal. Eses días de chuvia acumularon cantidades moi superiores ás que se poderían considerar normais en outubro. Pero, pola contra, as elevadas temperaturas dos primeiros 12 días non foron compensadas, polo que os valores medios están por riba do agardado.

Así, como vimos de explicar, entre os días 1 e 12 non houbo cambios moi salientables na situación meteorolóxica, coas altas presións localizadas ao norte da península Ibérica achegando aire cálido procedente do norte de África e moita estabilidade. A única excepción sucedeu entre a tarde do día 2 e a mañá do día 3, cando unha fronte conseguiu chegar a Galicia e deixar aumento das nubes, descenso das temperaturas e mesmo algunhas chuvias febles no terzo norte. En canto ao resto do período, destacamos o propio día 1 e tamén o período entre o 7 e o 10, cando as temperaturas máximas superaron os 30°C de xeito moi xeneralizado.

Esta situación de anticiclón cambiou bruscamente o día 13 coa chegada dunha primeira borrasca activa que deixaba unha caída importante nas temperaturas e chuvias xeneralizadas en toda Galicia.

O día 14, quedabamos nunha área de novo anticiclónica, sen apenas chuvia e cun ascenso de temperatura no interior da Comunidade. Pero foi unha recuperación anticiclónica moi transitoria, xa que o 15 unha nova fronte atravesaba toda Galicia, deixando un novo episodio de chuvias xeneralizadas.

Dende esa data e ata o final do mes, fomos rexistrando o paso de borrascas de xeito sucesivo. Así, entre os días 16 e 17, afectábanos a borrasca *Babet*, deixando fortes ventos e chuvias intensas. O día 18 tivemos o paso dunha liña de inestabilidade moi activa que deixou un episodio de chuvias de curta duración pero de moita intensidade, provocando acumulados nunha hora de máis de 15 l/m<sup>2</sup> nunha hora. E sen tempo de recuperación, o día 19 a borrasca *Aline* deixaba a segunda xornada máis chuviosa de todo o mes.



Durante o día 20, a situación foise tranquilizando en terra, pero no mar tivemos aviso vermello por ondas. Os días 21, 22 e 23 a situación foi bastante tranquila, con chuvias e vento, pero en xeral sen superar limiares perigosos, xa que a borrasca *Bernard* apenas nos afectou.

Pero os días 24, 25 e 26, rexistramos o paso sucesivo de distintos sistemas frontais. O máis salientable sucedía a tarde-noite do 25 e a primeira metade do 26, xa que ademais dunha fronte activa tivemos un río atmosférico que daba un aporte extra de humidade.


O seguinte evento de chuvia persistente sucedeu o longo do día 28, con precipitacións intensas e persistentes acompañadas de fortes ventos debidos á presenza da borrasca *Celine*. Os días 29 e 30 quedaron caracterizados polos chuvascos e o 31 foi unha xornada algo máis tranquila, aínda que tamén se rexistraron precipitacións illadas e ocasionais.

### 3 ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA

Nos mapas das Figuras 1 e 2, podemos ver as anomalías da altura xeopotencial en 500 hPa e da presión atmosférica a nivel do mar, respectivamente.

No mapa de altura, adivíñase unha gran área que se estende desde o norte dos Azores ata o Mar Báltico onde a presión de 500 hPa se acadou a unha altitude moito máis baixa do habitual, o que se entende como unha zona de aire máis frío do normal. Esta zona está alongada de oeste a leste e representaría unha valgada o unha depresión en altura máis persistente do habitual. Pola contra, no Mediterráneo Central, as anomalías son positivas, aínda que non tan significativas. Isto demostra unha maior frecuencia de dorsais anticiclónicas nesa área.

Ao nivel da superficie, a anomalía negativa é, tamén, moi importante e coincide a grandes trazos coa anomalía en altura da Figura 1. Isto explica a frecuente aparición de borrascas que percorrían o Atlántico en dirección ao Continente europeo. Esa anomalía afecta sobre todo a metade norte peninsular e, especialmente, o cuadrante noroeste, o que aclara a reiterada chegada de borrascas e frentes atlánticas e o predominio dos ventos do oeste e suroeste, situacións que deixaron abondosas precipitacións na Comunidade.



**Figura 1:** Anomalías de xeopotencial en 500 hPa en outubro de 2023 respecto ao período 1991-2020




Figura 2: Anomalías de presión en superficie en outubro de 2023 respecto ao período 1991-2020



## **4 RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA**

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da rede meteorolóxica de Meteogalicia (A Coruña-Torre de Hércules (CTH), Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense) cos valores climáticos, no período 1981-2010, para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-Estación Completa (CEC) / Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións da AEMET e Lourizán, de Meteogalicia).

Debido á localización das estacións meteorolóxicas da cidade de A Coruña, CTH (costeira) e CEC (urbana), o comportamento en canto á temperatura difire en determinadas situacións meteorolóxicas, polo que na táboa de A Coruña inclúense os datos de ambas estacións e se compara a estación CEC contra si mesma no período de referencia climático 1981-2010.

O valor climático corresponde á media destes 30 anos para o mes considerado. Móstranse, tamén, os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou. As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou L/m<sup>2</sup>). O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou maior a 1 mm.



**A CORUÑA**

	OUTUBRO 2023 CTH/CEC	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	<b>18.8/18.8</b>	16.0	18.4 (2009)	12.4 (1974)
Tª mínima media	<b>15.7/15.6</b>	13.0	15.4 (2022)	10.2 (1974)
Tª mínima absoluta	11.1/10.9 (día 30)	4.0 (07/10/2012)		
Tª mínima máis alta	21.1/20.0 (día 7/día 11)	20.1 (15/10/2017)		
Tª máxima media	22.0	18.9	22.4 (1945)	15.0 (1974)
Tª máxima absoluta	<b>33.1/33.4 (día 7)</b>	31.5 (02/10/2012)		
Tª máxima máis baixa	16.9/16.6 (día 29/día 22)	11.8 (31/10/2008)		
Precipitación acumulada	249	93-129	309 (1990)	0 (1941)
Días de chuvia (≥1mm)	18	13	23 (1960)	0 (1941)

*Comentario:* Mes **extremadamente cálido** para todas as temperaturas, acadando as temperaturas media e mínima os valores máis altos da serie histórica.

A precipitación acumulada superou amplamente os valores climatolóxicos, resultando un mes **moi húmido**, cun número de días de chuvia tamén por riba do valor normal.

\* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1931-2023. Temperatura: 1948-2023.

**SANTIAGO**

	OUTUBRO 2023	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	17.1	14.9	17.4 (1997)	12.3 (1992)
Tª mínima media	13.2	10.6	13.3 (2022)	8.5 (1992)
Tª mínima absoluta	8.0 (día 22)	-0.5 (18/10/1992)		
Tª mínima máis alta	17.3 (día 7)	18.7 (10/10/1997)		
Tª máxima media	21.0	19.2	23.1 (2011)	16.0 (1992)
Tª máxima absoluta	<b>31.5 (día 7)</b>	31.5 (13/10/2003)		
Tª máxima máis baixa	14.0 (día 29)	11.5 (25/10/2003)		
Precipitación acumulada	402	165-215	604 (1987)	3 (2007)
Días de chuvia (≥1mm)	18	14	23 (1987)	1 (2007)

*Comentario:* Mes **moi cálido** tendo en conta calquera das temperaturas.

A precipitación rexistrada supera claramente os valores climatolóxicos, resultando un mes **moi húmido**, cun número de días de chuvia superior ao agardado.

\* Valores climáticos 1982-2010. Precipitación:1982-2023. Temperatura: 1982-2023.





## LUGO

	OUTUBRO 2023	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	16.4	13.3	16.6 (2022)	10.7 (1992)
Tª mínima media	10.6	8.3	11.3 (2022)	6.4 (2000)
Tª mínima absoluta	5.8 (día 21)	-1.6 (29/10/2012)		
Tª mínima máis alta	<b>17.5 (día 17)</b>	16.4 (01/10/2001)		
Tª máxima media	22.2	18.2	23.2 (2011)	14.5 (1992)
Tª máxima absoluta	<b>33.7 (día 7)</b>	31.7 (12/10/2011)		
Tª máxima máis baixa	14.0 (día 20)	9.0 (31/10/1983)		
Precipitación acumulada	234	103-131	393 (1987)	10 (1985)
Días de chuvia (≥1mm)	16	12	24 (1987)	2 (2007)

*Comentario:* Mes **extremadamente cálido** para as temperaturas media e máxima e **moi cálido** para a mínima.

A precipitación rexistrada foi moi superior ao rango de valores normais, resultando un mes **moi húmido**, cun número de días de chuvia por riba do valor normal.

\* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1981-2023. Temperatura: 1981-2023.

## PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

	OUTUBRO 2023	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	17.9	15.5	18.7 (2014)	11.6 (1974)
Tª mínima media	13.8	10.7	13.9 (2022)	6.7 (1974)
Tª mínima absoluta	9.5 (día 21)	1.2 (31/10/1974)		
Tª mínima máis alta	18.1 (día 17)	19.0 (06/10/2009)		
Tª máxima media	22.0	20.4	23.8 (1989)	17.3 (1974)
Tª máxima absoluta	29.8 (día 9)	32.8 (14/10/2011)		
Tª máxima máis baixa	16.0 (día 29)	10.8 (12/10/1972)		
Precipitación acumulada	530	179-221	596 (1987)	7 (2007)
Días de chuvia (≥1mm)	18	13	24 (1987)	1 (2007)

*Comentario:* Mes **extremadamente cálido** para as temperatura media e mínima e **moi cálido** para a temperatura máxima.

A precipitación acumulada estivo moi por riba dos valores normais, resultando un mes **moi húmido**, onde o número de días de chuvia tamén superou a media climática.

\* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1958-2023. Temperatura: 1958-2023.



## OURENSE

	OUTUBRO 2023	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	18.3	15.6	18.6 (2022)	11.6 (1974)
Tª mínima media	12.1	9.6	12.5 (1981)	4.9 (1974)
Tª mínima absoluta	8.1 (día 24)	-2.0 (31/10/1974)		
Tª mínima máis alta	19.4 (día 17)	19.6 (10/10/1997)		
Tª máxima media	24.5	21.6	26.3 (2011)	17.8 (1987)
Tª máxima absoluta	<b>35.8 (día 7)</b>	34.3 (05/10/2011)		
Tª máxima máis baixa	16.6 (día 30)	7.0 (26/10/1976)		
Precipitación acumulada	227	85-129	282 (1987)	5 (1974)
Días de chuvia (≥1mm)	16	10	24 (1987)	2 (2007)

*Comentario: Mes **extremadamente cálido** tendo en conta as temperaturas media e mínima e moi cálido a temperatura máxima.*

*A precipitación rexistrada foi moi superior ao rango de valores normais, resultando un mes **moi húmido**, cun número de días de chuvia por riba do valor agardado.*

*\*Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1973-2023. Temperatura: 1972-2023.*




## 5 TEMPERATURA

As temperaturas medias acadaron en xeral valores elevados, tanto se atendemos ás máximas como ás mínimas. Isto é debido aos elevados valores acadados nos primeiros 12 días do mes que non puideron ser compensados na segunda quincena, xa que as borrascas chegaron na súa meirande parte con ventos do suroeste e por tanto temperaturas suaves.

### 5.1. Temperatura media das máximas


O valor medio da temperatura máxima no mes de outubro para Galicia, a partir dos valores do mapa da Figura 3, foi 20.6 °C. Os valores máis altos de entre 22.9 e 23.7 °C rexistráronse nas ribeiras do Sil e do Miño ourensá, cun máximo absoluto de 24.8 °C. Os valores máis baixos, comprendidos entre 15.3 e 17.5 °C, rexistráronse nas zonas máis elevadas da Comunidade como as Serras do Courel, de Queixa ou de Eixe, cun mínimo absoluto de 11.2 °C nalgún punto do Macizo de Manzaneda ou Pena Trevinca.



**Figura 3:** Mapa de temperatura media das máximas do mes de outubro de 2023

## 5.2. Temperatura media das mínimas

O valor medio da temperatura mínima no mes de outubro para Galicia, a partir dos valores do mapa da Figura 4, foi 11.6 °C. Os valores máis baixos movéronse entre 7.7 e 8.7 °C nas Serras de Larouco, Queixa i Eixe, cun mínimo absoluto de 6.3 °C nalgún punto. Os valores máis altos, comprendidos entre 14.3 e 15.0 °C, déronse ao longo das zonas costeiras, cun máximo absoluto de 16.3 °C na península do Morrazo.




**Figura 4:** Mapa de temperatura media das mínimas do mes de outubro de 2023

### 5.3. Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010

No mapa de anomalías de temperatura obsérvase que todas as anomalías foron positivas. A anomalía de temperatura media no conxunto de Galicia, segundo os valores do mapa da Figura 5, foi 3.1 °C. Os valores máis baixos oscilan entre 2.2 e 2.5 °C nos arredores da Fosa de Padrón e da Depresión de Lemos, cun mínimo absoluto de 1.8 °C. Os valores máis altos móvense entre 3.7 e 4.0 °C nas zonas montañosas de Lugo, acadándose un máximo absoluto de 4.3 °C nas proximidades da Serra do Piornal.





**Figura 5:** Mapa de anomalía de temperatura media (°C) de outubro de 2023 respecto ó período 1981-2010

Nas Táboas 1 e 2, móstrase unha lista dos concellos coas anomalías da temperatura media máis altas e máis baixas, respectivamente, con respecto ao período climático 1981-2010. As anomalías máis altas déronse, principalmente, nas comarcas montañosas da provincia de Lugo e en puntos da comarca da Coruña, mentres que as máis baixas atopámolos nas proximidades da Fosa de Padrón e da desembocadura do río Ulla.

Táboa 1: Anomalías **máis altas** de temperatura media en outubro de 2023 con respecto ao período 1981-2010

Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Triacastela	Lugo	4.2
Cambre	A Coruña	4.0
Cervantes	Lugo	4.0
Pedrafita do Cebreiro	Lugo	4.0
Nogais (As)	Lugo	4.0
Becerreá	Lugo	3.9
Abegondo	A Coruña	3.8
Cedeira	A Coruña	3.8
Samos	Lugo	3.7
Baralla	Lugo	3.7

**Táboa 1:** Anomalías de temperatura media máis elevadas no mes de outubro de 2023Táboa 2: Anomalías **máis baixas** de temperatura media en outubro de 2023 con respecto ao período 1981-2010

Estación	Provincia	Anomalía (°C)
Pobra do Caramiñal	A Coruña	2.0
Ribeira	A Coruña	2.1
Pontecesures	Pontevedra	2.1
Monforte de Lemos	Lugo	2.1
Padrón	A Coruña	2.1
Valga	Pontevedra	2.2
Boiro	A Coruña	2.2
Dodro	A Coruña	2.2
Teo	A Coruña	2.2
Rianxo	A Coruña	2.3

**Táboa 2:** Anomalías de temperatura media máis baixas no mes de outubro de 2023

Nas Táboas 3 e 4, móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas na Comunidade Galega no mes de outubro de 2023 para estacións situadas por baixo e por riba dos 1000 metros de altitude, respectivamente. As xornadas do, 7 e 8 foron as máis calorosas do mes en case que toda Galicia.

**Táboa 3: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de outubro de 2023 por baixo dos 1000 m de altitude**

Data	Estación	Concello	Provincia	TA (°C)
07/10/2023	EVEGA Leiro	LEIRO	Ourense	36.7
08/10/2023	Lourenzá	LOURENZÁ	Lugo	36.3
07/10/2023	Ourense	OURENSE	Ourense	35.8
01/10/2023	San Clodio	RIBAS DE SIL	Lugo	35.1
01/10/2023	Míllara	PANTÓN	Lugo	35.1
08/10/2023	Vilamor	MONDOÑEDO	Lugo	35.1
01/10/2023	A Portela	VILAMARTÍN DE VALDEORRAS	Ourense	35.0
01/10/2023	Monforte	MONFORTE DE LEMOS	Lugo	34.9
08/10/2023	Santa Cruz	VALADOURO (O)	Lugo	34.8
01/10/2023	Remuíño	ARNOIA (A)	Ourense	34.7

**Táboa 3:** Temperaturas máximas máis altas rexistradas en outubro 2023, altitude menor de 1000 m.

**Táboa 4: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de outubro de 2023 por riba dos 1000 m de altitude**

Data	Estación	Concello	Provincia	TA (°C)
01/10/2023	San Xoán de Río	SAN XOÁN DE RÍO	Ourense	28.9
01/10/2023	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	28.6
08/10/2023	A Mezquita	MEZQUITA (A)	Ourense	27.8
09/10/2023	Xurés	MUÍÑOS	Ourense	27.8
08/10/2023	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	27.7
01/10/2023	Corzos	VEIGA (A)	Ourense	27.4
07/10/2023	O Xistral	MURAS	Lugo	27.2
08/10/2023	Ancares	CERVANTES	Lugo	27.0
01/10/2023	Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	26.8
01/10/2023	Casaio	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	26.4

**Táboa 4:** Temperaturas máximas máis altas rexistradas en outubro de 2023, altitude maior a 1000 m.

Nas táboas 5 e 6 móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas en Galicia no mes de outubro de 2023 para estacións situadas por riba e por baixo dos 1000 metros de altitude, respectivamente. As xornadas do 23 e do 30 foron as máis frías en localidades por riba dos 1000 m de altitude, mentres que por baixo desta altitude temos diversas xornadas con temperaturas mínimas baixas.



Táboa 5: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de outubro de 2023 por riba dos 1000 m de altitude

Data	Estación	Concello	Provincia	TA (°C)
23/10/2023	Xares	VEIGA (A)	Ourense	-0.4
30/10/2023	Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	-0.4
30/10/2023	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	-0.1
23/10/2023	Corzos	VEIGA (A)	Ourense	1.1
30/10/2023	Ancares	CERVANTES	Lugo	1.9
30/10/2023	Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	2.0
23/10/2023	A Mezquita	MEZQUITA (A)	Ourense	2.4
30/10/2023	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	2.6
30/10/2023	Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	3.0
20/10/2023	Casaio	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	3.6

Táboa 5: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas en outubro de 2023, altitude maior a 1000m.

Táboa 6: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de outubro de 2023 por baixo dos 1000 m de altitude

Data	Estación	Concello	Provincia	TA (°C)
24/10/2023	Baltar	BALTAR	Ourense	1.9
05/10/2023	Calvos	CALVOS DE RANDÍN	Ourense	2.0
23/10/2023	Viana do Bolo	VIANA DO BOLO	Ourense	3.0
24/10/2023	Verín-Vilela	VERÍN	Ourense	3.9
21/10/2023	Monforte-CFEA	MONFORTE DE LEMOS	Lugo	4.0
21/10/2023	Xinzo	XINZO DE LIMIA	Ourense	4.2
23/10/2023	O Sisto	DOZÓN	Pontevedra	4.6
20/10/2023	Serra do Faro	RODEIRO	Pontevedra	4.6
30/10/2023	Alto do Rodicio	MACEDA	Ourense	4.7
24/10/2023	Riós	RIÓS	Ourense	4.8

Táboa 6: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas en outubro de 2023, altitude menor a 1000m.

#### 5.4. Evolución da temperatura media no período 1961-2023.

Na Figura 6, pode verse a evolución da temperatura media das once estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2023 para esta serie foi 17.2 °C.




Figura 6: Temperatura media ao longo do período 1961-2023 para outubro

A anomalía media da temperatura para este mes de outubro en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas, foi de +2.7 °C, o que fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como **extremadamente cálido**. Para a temperatura máxima, cunha anomalía de +2.7°C, o mes considérase moi cálido e para a mínima, cunha anomalía de +2.8 °C, extremadamente cálido. Este mes de outubro de 2023 é o segundo máis cálido de toda a serie, superado, unicamente, polo ano 2014.





Figura 7: Evolución da anomalía de temperatura media en outubro, respecto ao período 1981-2010

## 6 PRECIPITACIÓN

As precipitacións quedaron moi por riba do que se pode agardar nun mes de outubro. A pesar de que os primeiros 12 días foran absolutamente secos, a continua chegada de borrascas moi activas na segunda quincena fixo que se acumularan cantidades moi significativas de precipitación.


Segundo os valores do mapa da Figura 8, a precipitación media acumulada acadou os 389 L/m<sup>2</sup>. Os maiores acumulados danse en amplas áreas da vertente atlántica con valores entre 600 e 800 L/m<sup>2</sup>, cun máximo absoluto superior aos 1000 L/m<sup>2</sup> localizado na Serra do Faro de Avión. Os acumulados máis baixos oscilan entre 170 e 220 L/m<sup>2</sup> e atópanse nos vales do río Támega e Casaio e ao norte das Serras Setentrionais, cun mínimo absoluto de 130 L/m<sup>2</sup> nalgún punto do litoral da comarca da Mariña.



**Figura 8:** Mapa de precipitación acumulada no mes de outubro de 2023

### 6.1. Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal

No mapa da Figura 9, pódese ver a porcentaxe de precipitación no mes de outubro con respecto aos valores climáticos, sendo o 100 % o valor normal. O valor medio para o conxunto do territorio galego, segundo os valores do mapa, foi un 124 % superior ao período de referencia 1981-2010. A distribución das porcentaxes presenta, en xeral, zonas moi húmidas, con entre un 180 e un 230 % máis de precipitación do normal, acadándose un máximo de máis do 300 % na comarca da Baixa Limia. Os valores máis baixos, con, en xeral, entre un 40 e un 70 % máis de precipitación do normal, atopámoslos no interior da comarca da Coruña e no extremo norte da Comunidade, existindo un mínimo absoluto na desembocadura do río Eo cun 14 % menos de precipitación do agardado para un mes de outubro.




**Figura 9:** Porcentaxe da precipitación acumulada con respecto aos valores normais do período 1981-2010 do mes de outubro de 2023



## 6.2. Días de chuva en outubro de 2023

A Figura 10 representa o número de días de chuva maior ou igual a 1 L/m<sup>2</sup>. Segundo os valores do mapa, o número medio de días de chuva foi 17. O máximo localízase en zonas das Serras Setentrionais, entre a Serra da Faladoira e Serra do Xistra, con 20 días de chuva. Porén, o mínimo rexistrouse en puntos da Ribeira Sacra e do Canon do Sil, con 14 días de chuva.



**Figura 10:** Días de chuva superior a 1 L/m<sup>2</sup> durante o mes de outubro de 2023



A Táboa 7 mostra as cantidades máximas de precipitación mensual medidas na rede de estacións meteorolóxicas de Meteogalicia durante o mes de outubro de 2023. Os acumulados máis altos superaron os 700 L/m<sup>2</sup>, principalmente na provincia de Pontevedra.

Táboa 7: Precipitación mensual máxima acumulada (L/m <sup>2</sup> ) en outubro de 2023			
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m <sup>2</sup> )
Fornelos de Montes	FORNELOS DE MONTES	Pontevedra	763
Rebordelo	COTOBADÉ	Pontevedra	716
Castrove	POIO	Pontevedra	705
Forcarei	FORCAREI	Pontevedra	660
Fontecada	SANTA COMBA	A Coruña	650
Pazos de Borbén	PAZOS DE BORBÉN	Pontevedra	611
Muralla	LOUSAME	A Coruña	609
O Viso	REDONDELA	Pontevedra	606
Entrimo	ENTRIMO	Ourense	603
Monte Aloia	TUI	Pontevedra	600

**Táboa 7:** Precipitacións mensuais máis altas rexistradas no mes de outubro de 2023

A Táboa 8 contén unha lista das estacións da rede meteorolóxica de Meteogalicia que rexistraron a máxima precipitación nun intervalo de 24 horas. A xornada máis chuviosa foi a do 25 de outubro.

Táboa 8: Precipitación máxima en 24 horas (L/m <sup>2</sup> ) en outubro de 2023				
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m <sup>2</sup> )	Instante de inicio (UTC)
O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	151	25/10/2023 12:30
Entrimo	ENTRIMO	Ourense	151	25/10/2023 12:00
Xurés	MUÍÑOS	Ourense	150	25/10/2023 12:10
Forcarei	FORCAREI	Pontevedra	140	18/10/2023 16:40
Fornelos de Montes	FORNELOS DE MONTES	Pontevedra	137	25/10/2023 10:50
Alto do Rodicio	MACEDA	Ourense	136	25/10/2023 12:50
Areas	TUI	Pontevedra	132	25/10/2023 10:50
San Nomedio	NEVES (AS)	Pontevedra	130	25/10/2023 09:30
Baiona	BAIONA	Pontevedra	129	25/10/2023 09:30
Rebordelo	COTOBADÉ	Pontevedra	126	25/10/2023 10:50

**Táboa 8:** Precipitacións máis altas en 24 horas rexistradas no mes de outubro de 2023

### 6.3. Evolución da precipitación en outubro de 2023

Na Figura 11, pode verse a evolución da precipitación media das 16 estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2023, para esta serie, foi 374 L/m<sup>2</sup>.




Figura 11: Precipitación ao longo do período 1961-2023 para outubro

A anomalía media das precipitacións para este mes de outubro en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en dezaseis estacións meteorolóxicas representativas, foi un 127% superior ao valor climático normal. Isto fai que o mes poida considerarse como **moi húmido**, tendo en conta o conxunto da Comunidade. Este mes de outubro de 2023 é o segundo máis húmido de toda a serie, co precedente máis húmido no ano 1987.




Figura 12: Evolución da anomalía de precipitación en outubro, respecto ao período 1981-2010



## 7 VENTO

Na Táboa 9, móstranse as estacións que rexistraron un valor de refacho máximo de vento igual ou superior a 100 km/h. Nela, obsérvase que en numerosas estacións se rexistraron ventos superiores ao limiar especificado. Ademais, este limiar superouse en varias xornadas no mes.

Táboa 9: Refachos máximos superiores aos 100 km/h en setembro de 2023

Data	Estación	Concello	Provincia	Refacho (km/h)
28/10/2023	O Xistral	MURAS	Lugo	147
24/10/2023	Punta Candieira	CEDEIRA	A Coruña	142
13/10/2023	Lira	CARNOTA	A Coruña	141
17/10/2023	Xares	VEIGA (A)	Ourense	138
24/10/2023	Penedo do Galo	VIVEIRO	Lugo	135
28/10/2023	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	134
20/10/2023	Burela	BURELA	Lugo	127
17/10/2023	Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	123
18/10/2023	A Lanzada	GROVE (O)	Pontevedra	122
17/10/2023	Ancares	CERVANTES	Lugo	120
17/10/2023	Castro Vicaludo	OIA	Pontevedra	117
18/10/2023	Xesteiras	CUNTIS	Pontevedra	117
31/10/2023	Corón	VILANOVA DE AROUSA	Pontevedra	116
17/10/2023	San Nomedio	NEVES (AS)	Pontevedra	116
19/10/2023	Malpica	MALPICA DE BERGANTIÑOS	A Coruña	116
28/10/2023	Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	114
17/10/2023	A Gándara	VIMIANZO	A Coruña	112
24/10/2023	Punta Langosteira	ARTEIXO	A Coruña	110
28/10/2023	A Pontenova	PONTENOVA (A)	Lugo	109
17/10/2023	Cabo Udra	BUEU	Pontevedra	107
20/10/2023	Serra da Faladoira	ORTIGUEIRA	A Coruña	106
20/10/2023	Ons	BUEU	Pontevedra	106
17/10/2023	Alto do Rodicio	MACEDA	Ourense	104
13/10/2023	Río do Sol	CORISTANCO	A Coruña	104
31/10/2023	Sálvora-Pazo	RIBEIRA	A Coruña	104
28/10/2023	Xurés	MUÍÑOS	Ourense	103





28/10/2023	Marco da Curra	MONFERO	A Coruña	103
24/10/2023	Foz	FOZ	Lugo	103
17/10/2023	Courel	FOLGOSO DO COUREL	Lugo	102
28/10/2023	Ventosa	NAVIA DE SUARNA	Lugo	102
24/10/2023	Casaio	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	101
20/10/2023	Fornelos de Montes	FORNELOS DE MONTES	Pontevedra	101
18/10/2023	Fontaneira	BALEIRA	Lugo	101

**Táboa 9:** Refachos máximos superiores aos 100 km/h no mes de outubro de 2023

As Táboas 10, 11, 12 e 13 recollen un resumo dos datos máis relevantes de vento en diferentes estacións das catro provincias galegas. Delas extraemos que a porcentaxe de calmas foi moi baixa, agás nalgunhas zonas de interior, e a compoñente dominante do vento foi suroeste, por mor do achegamento de borrascas polo noroeste da península.

Táboa 10: resumo dos datos de vento no mes de outubro de 2023 na provincia de A CORUÑA						
Estación (altitude)	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Lira (170)	Carnota	141	SW	15	<p>INTENSIDADES PONDEADAS COA DIRECCIÓN Lira (1070) # 10/2023</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) Lira (1070) # 10/2023</p>
		Día 13				
Punta Candieira (254)	Cedeira	142	SW	10	<p>INTENSIDADES PONDEADAS COA DIRECCIÓN Punta Candieira (1070) # 10/2023</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) Punta Candieira (1070) # 10/2023</p>
		Día 24				
Malpica (161)	Malpica	116	SW	4	<p>INTENSIDADES PONDEADAS COA DIRECCIÓN Malpica (1070) # 10/2023</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) Malpica (1070) # 10/2023</p>
		Día 19				



**Táboa 10: resumo dos datos de vento no mes de outubro de 2023 na provincia de A CORUÑA**

Estación (altitude)	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
<b>Marco da Curra (651)</b>	Monfero	103	W	5		
		Día 28				

**Táboa 11: resumo dos datos de vento no mes de outubro de 2023 na provincia de LUGO**

Estación (altitude)	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
<b>Penedo do Galo (545)</b>	Viveiro	135	SW	8		
		Día 24				
<b>Campus Lugo (400)</b>	Lugo	58	S	59		
		Día 17				
<b>Ancareas (1364)</b>	Cervantes	120	SW	7		
		Día 17				



**Táboa 12: resumo dos datos de vento no mes de outubro de 2023 na provincia de OURENSE**

Estación (altitude)	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
<b>Xares (1762)</b>	A Veiga	138	S	6		
		Día 17				
<b>Alto do Rodicio (981)</b>	Maceda	104	SW	17		
		Día 17				
<b>Gandarela (623)</b>	Celanova	71	W	37		
		Día 17				

**Táboa 13: resumo dos datos de vento no mes de outubro de 2023 na provincia de PONTEVEDRA**

Estación (altitude)	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
<b>Fornelos de Montes (705)</b>	Fornelos de Montes	101	S	8		
		Día 20				
<b>Illas Cíes (25)</b>	Vigo	89	SW	22		
		Día 19				

## 8 RADIACIÓN SOLAR

### 8.1. Mapa de irradiación solar mensual




Figura 13: Irradiación mensual ( $10 \text{ kJ m}^{-2} \text{ día}^{-1}$ ) para o mes de outubro de 2023

### 8.2. Anomalía de insolación con respecto ó valor normal




Figura 14: Anomalía de insolación en % respecto ó valor normal calculado no período 1985-2008

## 9 RAIOS

Na Figura 15, pódese ver o número total de raios rexistrados en Galicia no mes de outubro desde o ano 2010 ata o 2023. En outubro de 2023, houbo un total de 986 descargas eléctricas, o que fai este mes que ocupe a terceira praza desde que hai rexistros.




Figura 15: Número total de raios rexistrados en outubro dende 2010 a 2023

A Figura 16 presenta o número de raios repartidos por día. Vemos que a maior parte das descargas eléctricas tiveron lugar durante os últimos días do mes, destacando a xornada do 30 con algo máis de 500 raios.





Figura 15: Número de raios por día detectados en Galicia en outubro de 2023

Para rematar, a Figura 17 presenta o número de raios detectados por provincia. Como se pode ver, a maioría dos raios caeron na provincia da Coruña, seguida pola provincia de Pontevedra. Lugo e Ourense rexistraron un número semellante de raios.



**Figura 17:** Número de raios detectados por provincia en Galicia en outubro de 2023

**MeteoGalicia**  
**Subdirección de Meteoroloxía e Cambio Climático**  
**Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático**  
**Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**







Rede de estacións automáticas da CMA

Año: 2023 Mes: 10

Provincia Estación	T <sup>ao</sup> C				T <sup>a</sup> Máxima °C				T <sup>a</sup> Mínima °C				Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada		
<b>Lugo</b>																												
A Pontenova	16.7	21.28	33.2	8	13.2	8.3	23	198	40.8	19	**	75	92	58	35	120	905	20	109	28	**	**	**	**	19	0		
Abradelo	15.4	20.24	32.3	8	11.5	6.2	23	329	77.7	26	**	71	87	53	39	137	958	**	**	**	**	**	**	**	17	0		
*Alto do Faro	14.0	18.1	28.6	1	10.5	4.9	23	301	46.2	19	**	85	96	68	**	**	**	5	52	18	917	**	**	**	18	0		
*Alto do Poio	12.0	15.14	26.2	8	9.3	2.0	30	598	98.3	26	**	76	85	65	**	**	**	5	66	28	**	**	**	**	19	0		
Ancares	12.2	15.6	27.0	8	9.6	1.9	30	283	68.3	26	207	75	85	63	34	119	894	25	**	17	862	**	**	**	17	0		
*Borreiros	17.0	22.01	31.9	8	13.1	6.9	22	200	26.9	19	16	85	98	65	**	**	606	6	54	20	1003	**	**	**	20	0		
Bóveda	15.9	22.37	33.5	1	10.7	5.1	21	259	52.6	26	192	86	100	58	42	141	981	6	66	17	963	**	**	**	16	0		
Burela	16.8	20.25	31.4	8	14.1	7.5	30	170	27.4	20	87	75	88	59	43	148	978	17	127	20	962	**	**	**	20	0		
Campus Lugo	15.4	22.18	33.7	7	10.6	5.8	21	233	48.0	26	179	88	100	57	**	**	854	5	57	17	966	**	**	**	18	0		
Castro R. de Lea	15.3	21.2	32.1	1	10.9	6.1	22	213	48.0	26	**	89	100	64	41	141	957	**	**	**	962	**	**	**	20	0		
Conchada	15.8	20.99	32.4	1	11.9	6.9	30	272	75.4	26	**	77	91	59	40	142	974	**	**	**	**	**	**	**	17	0		
Corno do Boi	15.0	18.64	30.3	7	12.4	6.1	30	465	74.3	26	391	81	91	66	38	133	922	16	92	28	**	**	**	**	18	0		
Cospeito	15.0	21.15	32.6	7	10.1	5.9	22	282	50.0	26	--	89	100	61	37	127	900	9	69	17	**	**	**	**	21	0		
Courel	15.4	20.25	31.9	7	11.7	5.7	30	397	72.8	26	321	74	88	54	35	124	899	9	102	17	925	**	**	**	17	0		
Feiranova-Santaballa	14.9	20.82	32.3	7	10.4	5.0	23	331	57.5	19	274	92	100	70	38	132	939	7	77	28	956	**	**	**	19	0		
Fontaneira	14.1	17.51	28.7	1	11.3	4.8	30	434	88.7	26	358	79	88	65	35	124	838	20	101	18	901	**	**	**	18	0		
Foz	16.9	21.13	29.7	11	13.3	8.6	22	117	21.9	26	44	81	96	62	37	127	897	14	102	24	1002	**	**	**	20	0		
Fragavella	14.9	19	30.3	8	11.5	6.9	30	295	58.0	19	--	81	93	62	38	133	925	20	97	28	942	**	**	**	21	0		
Guitiriz-Mirador	15.0	18.75	31.0	1	12.4	6.1	30	406	64.4	19	355	83	91	68	26	81	807	10	77	28	934	**	**	**	19	0		
*Labrada	15.1	18.56	29.6	9	12.2	6.3	30	511	100.6	19	442	79	90	65	35	123	841	12	76	17	**	**	**	**	20	0		
*Lourenzá	17.4	23.26	36.3	8	12.8	7.3	22	226	42.0	19	**	80	95	59	**	**	**	5	59	25	**	**	**	**	20	0		
Marroxo	15.8	20.26	31.2	7	12.1	6.4	30	209	47.8	26	79	78	90	58	40	138	960	13	86	17	940	**	**	**	16	0		
*Míllara	16.4	23.02	35.1	1	11.9	6.8	21	270	47.2	19	**	84	100	56	**	**	**	6	76	28	**	**	**	**	18	0		
Monforte	16.2	23.62	34.9	1	10.7	4.7	21	226	37.1	26	--	**	100	59	36	125	902	4	50	17	**	**	**	**	16	0		
*Morelle	15.4	22.2	33.1	1	9.9	5.4	21	234	47.6	26	176	87	100	58	29	100	800	3	55	17	964	**	**	**	18	0		
O Cebreiro	11.6	15.95	27.7	8	8.6	2.6	30	504	78.8	28	439	83	91	70	33	118	885	12	84	20	868	**	**	**	18	0		
O Xipro	15.0	19.58	31.0	7	11.5	6.1	30	220	49.2	26	135	73	87	56	43	149	1009	15	81	28	922	**	**	**	19	0		
O Xistral	14.4	16.83	27.2	7	12.3	5.0	30	419	75.8	19	347	82	90	74	35	121	877	40	146	28	**	**	**	**	20	0		
*Olveda	15.0	20.49	32.3	1	11.1	5.6	30	284	43.7	19	225	83	94	62	30	105	854	4	51	27	**	**	**	**	18	0		
Pedro Murias	17.9	21.68	31.9	12	14.4	10.7	30	150	38.1	26	--	84	97	66	34	117	818	11	83	28	1005	**	**	**	20	0		
Penedo do Galo	16.1	19.17	30.8	7	13.6	6.5	30	231	28.3	19	116	76	88	61	40	131	952	34	135	24	**	**	**	**	21	0		
Pol	15.5	19.65	31.2	1	12.2	6.7	21	285	57.4	26	**	78	90	62	41	143	953	15	89	18	937	**	**	**	19	0		
Portomarín	15.5	21.74	32.8	1	10.8	7.2	22	234	44.5	26	**	87	100	60	40	140	994	**	**	**	961	**	**	**	19	0		
Riotorto	16.7	22.28	33.6	1	12.5	6.6	22	268	53.6	19	201	86	100	59	39	135	940	7	69	28	**	**	**	**	21	0		
Sambreixo	14.8	20.53	31.9	1	10.2	6.2	22	353	58.8	20	**	88	99	64	39	136	920	**	**	**	**	**	**	**	18	0		
*San Clodio	16.5	23.83	35.1	1	11.4	6.8	24	229	60.6	26	**	82	99	52	**	**	**	3	48	17	983	**	**	**	15	0		
*San Fiz	16.0	21.99	32.9	1	11.7	7.3	21	228	41.5	26	164	85	98	60	38	133	920	5	56	17	967	**	**	**	18	0		
Santa Cruz	17.1	23.1	34.8	8	12.0	5.1	22	193	34.6	19	121	81	97	56	41	140	949	5	77	28	**	**	**	**	20	0		

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

\*\* Non se mide este parámetro nesta estación.





Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2023 Mes: 10

Provincia Estación	T <sup>o</sup> C			T <sup>a</sup> Máxima °C			T <sup>a</sup> Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada		
Serra Vacaloura	14.8	18.96	29.9	9	11.8	5.6	30	251	45.2	26	-17	84	92	70	42	147	990	19	87	28	**	20	0		
Ventosa	14.6	19.13	29.8	8	10.8	5.6	22	286	59.5	26	161	71	86	54	40	141	949	**	**	28	909	16	0		
*Vilamor	17.0	22.57	35.1	8	12.6	6.9	22	225	35.4	19	156	81	96	58	38	131	888	6	65	28	**	20	0		
*Xabrega	16.5	23.09	34.4	1	11.9	7.1	21	300	57.2	26	225	80	96	55	36	126	953	7	58	18	975	17	0		

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

\*\* Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2023 Mes: 10

Provincia Estación	T <sup>ao</sup> C			T <sup>a</sup> Máxima °C			T <sup>a</sup> Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	Med	Max		Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med.	Choiva		Xeada	
<b>Ourense</b>																									
A Mezquita	13.4	17.62	27.8	8	9.6	2.4	23	420	63.2	28	346	77	87	62	41	144	982	11	69	26	900	18	0		
*A Portela	16.7	23.57	35.0	1	11.6	7.0	24	248	63.2	26	174	73	93	47	40	140	919	4	57	17	**	17	0		
*A Trabe	15.3	19.31	29.6	1	11.5	4.9	21	355	60.1	28	287	78	88	63	38	135	915	3	44	20	925	18	0		
Alto do Rodicio	14.1	17.44	27.9	9	11.2	4.7	30	434	96.2	26	362	80	90	68	37	132	920	15	104	17	903	17	0		
Amiudal	15.8	20.59	31.7	1	12.3	6.6	21	587	115.0	19	522	83	93	65	40	141	968	11	85	28	949	18	0		
As Petarelas	16.7	22.68	34.1	8	11.8	6.3	24	290	67.1	26	**	76	93	52	--	--	--	**	**	**	**	17	0		
Baltar	14.1	20.12	30.0	1	8.1	1.9	24	258	52.6	26	184	81	97	53	44	153	1079	8	63	17	922	17	0		
Cabeza de Manzaneda	9.5	12.15	21.4	8	7.2	-0.4	30	479	96.7	17	413	79	88	69	35	123	901	30	113	28	823	18	1		
*Calvos	13.0	18.95	29.2	1	7.0	2.0	5	409	82.9	26	339	91	100	74	39	136	975	9	73	28	**	18	0		
Casaio	13.6	16.71	26.4	1	10.5	3.6	20	207	57.8	26	**	67	83	52	**	**	**	10	101	24	**	18	0		
*Corzos	12.3	16.95	27.4	1	8.3	1.1	23	292	62.3	26	**	76	88	60	**	**	**	10	72	17	**	18	0		
Entrimo	15.5	19.99	32.1	7	12.2	6.2	23	602	94.4	26	**	83	91	69	32	113	863	**	**	**	**	18	0		
*EVEGA Leiro	16.4	24.7	36.7	7	11.0	7.0	21	280	44.6	19	**	87	98	58	**	**	**	1	38	28	999	18	0		
Gandarela	16.1	20.44	31.3	1	12.7	6.6	30	308	59.2	26	239	85	93	69	40	140	978	7	71	17	941	18	0		
Lardeira	10.6	13.92	23.8	1	7.7	-0.1	30	226	75.8	26	151	79	87	68	39	138	974	34	133	28	836	18	1		
Larouco	16.3	22.47	33.3	7	11.1	6.2	24	198	52.4	26	--	76	97	51	**	**	**	7	68	17	952	17	0		
Laza	15.4	21.85	33.1	7	10.4	4.9	24	**	**	26	186	80	96	55	40	140	945	4	71	17	**	**	0		
Monte Medo	15.2	20.98	31.5	1	10.5	6.4	30	311	72.0	26	**	81	97	56	**	**	1045	**	**	**	**	17	0		
O Invernadeiro	13.0	18.03	28.6	1	9.2	3.6	23	584	94.6	26	520	82	94	63	35	125	878	9	77	17	**	18	0		
Ourense	17.1	24.47	35.8	7	12.1	8.1	24	227	52.8	26	**	82	100	50	**	**	**	**	**	**	**	18	0		
Ourense-Estacións	17.4	24.16	36.0	7	12.9	8.7	24	260	58.7	26	194	81	96	55	37	130	933	2	45	28	996	17	0		
*Pazo de Fontefiz	16.1	21.71	32.6	8	11.8	7.1	21	335	54.8	19	166	85	98	63	39	135	922	5	49	17	965	18	0		
*Ponte Boga	16.8	22.89	33.9	1	12.2	7.3	24	243	59.4	26	157	**	96	54	43	151	1030	5	52	17	959	16	0		
*Prado	17.1	24	34.6	1	12.6	7.9	24	258	43.5	26	**	83	97	58	**	**	**	2	41	28	997	18	0		
Remuíño	16.3	23.7	34.7	1	11.6	7.1	24	348	57.6	26	287	88	99	62	35	121	900	4	48	26	**	18	0		
*Riós	15.0	19.16	29.8	8	11.3	4.8	24	344	71.3	26	274	78	89	62	39	137	952	4	54	17	**	17	0		
San Xoán de Río	13.7	18.21	28.9	1	10.1	3.7	30	282	68.6	26	206	79	89	60	41	143	967	15	75	20	898	17	0		
Serra do Eixe	12.7	16.4	26.8	1	9.4	3.0	30	379	81.9	26	176	79	89	64	39	136	933	19	122	17	877	17	0		
Verín-Vilamaior	16.1	22.11	32.8	1	11.3	6.2	23	212	33.6	26	138	78	94	55	41	145	990	6	83	17	951	17	0		
Verín-Vilela	15.0	22.87	33.1	1	8.7	3.9	24	169	24.2	26	116	**	100	**	41	143	993	3	52	17	**	16	0		
Viana do Bolo	13.9	19.33	29.2	6	9.2	3.0	23	253	49.3	26	205	79	96	57	39	138	959	8	68	17	917	17	0		
Xares	9.7	12.82	23.7	8	7.0	-0.4	23	370	75.0	26	278	76	84	67	40	133	994	30	137	17	823	19	3		
Xinzo	14.5	21.3	32.2	8	8.3	4.2	21	199	43.7	26	37	86	100	57	42	146	1003	10	74	17	942	17	0		
Xurés	14.4	17.69	27.8	9	11.8	5.0	30	588	112.4	17	503	78	87	63	40	141	1017	20	103	28	895	18	0		

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

\*\* Non se mide este parámetro nesta estación.





Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2023 Mes: 10


Provincia Estación	T <sup>ao</sup> C				T <sup>a</sup> Máxima °C			T <sup>a</sup> Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada
*Soutomaior	17.5	22.46	33.0	9	14.2	9.3	21	499	95.0	19	**	86	96	66	**	**	**	**	**	**	2	50	20	992	19	0
*Torrequeintáns	18.0	23.12	32.8	6	13.8	9.7	21	359	58.9	28	180	90	100	70	40	139	959	40	139	959	7	62	17	1006	18	0
*Tremoedo	17.6	22.43	32.3	9	13.5	9.1	21	432	72.1	19	**	81	94	59	**	**	**	**	**	**	3	45	17	1004	18	0
Vigo	18.5	22.59	32.5	7	15.2	10.7	30	491	82.0	19	**	76	89	58	**	**	**	**	**	**	**	**	**	**	18	0
Vigo-Campus	17.2	20.04	30.4	7	14.8	8.5	30	447	63.5	26	372	79	90	64	38	133	948	38	133	948	9	83	17	960	18	0
Xesteiras	16.1	18.4	28.6	7	13.7	7.8	29	559	76.3	28	**	82	90	70	**	**	**	**	**	**	**	116	18	930	20	0

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos



\*\* Non se mide este parámetro nesta estación.

# TEMPERATURA MÍNIMA DIARIA OUTUBRO 2023






# TEMPERATURA MÁXIMA DIARIA OUTUBRO 2023





# CHUVIA ACUMULADA DIARIA OUTUBRO 2023





# REFACHO MÁXIMO DIARIO OUTUBRO 2023

